



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN (LUGO)

CERTAME DE POESÍA INFANTIL DO NADAL

NADAL 2.020

CONVOCATORIA LOCAL

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL, convoca en colaboración co Colexio Público da Pobra do Brollón o CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2020” (fase local), de acordo coas seguintes

BASES:

1.- Poden participar tódolos nenos con poemas sobre o tema xenérico de “ **O NADAL**”.

2.- Establécense tres categorías: **A:** ata 8 anos; **B:** de 9 a 11 anos e **C:** de 12 a 16 anos.

3.- Cada autor poderá presentar cantos traballos desexe. Os poemas estarán escritos en galego e a súa extensión será como máximo dun folio por unha soa cara. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor.

4.- O prazo de presentación dos poemas rematará o **30 de decembro de 2020**, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.

5.- Un xurado, formado por entendidos na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os autores seleccionados recibirán cadanseu diploma e agasallo.

6.- Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

7.- O fallo do xurado local e a entrega de premios faranse públicos na Biblioteca Municipal - Casa da Cultura “Olga Novo”, na páxina web e nas redes sociais do Concello

8.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

9.- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

10.- A presentación das obras a este certame supoñen a aceptación das presentes bases.

ORGANIZA: A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.